



(F_TOD_05)

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO
ESTACIONAMENTO NAS VÍAS PÚBLICAS DOS AUTOTAXIS
E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUEIRO

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	Actuación	PUBLICACIÓN		
			Boletín	Nº	Fecha
18/11/2005	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	270	01/01/2006
13/11/2006	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2006
27/12/2007	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	299	31/12/2007
23/10/2008	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	291	19/12/2008
04/11/2010	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	294	24/12/2010
07/11/2011	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	297	29/12/2011
27/07/2012	Pleno Corporación	Aprobación	BOP	179	04/08/2012

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaránse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ informatica@concellodemonforte.com 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA _____	3
ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE _____	3
ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO _____	3
ARTIGO -4- COTA TRIBUTARIA _____	3
ARTIGO -5- DEVEÑO DA TAXA E NORMAS DE XESTIÓN _____	3
DISPOSICIÓN ADICIONAL _____	3
DISPOSICIÓN FINAL _____	3



ARTIGO -1- FUNDAMENTO E NATUREZA

En uso das facultades concedidas polos artigos 57 e 20.3 letra u) do R. D. Lexislativo 2/ 2004 de 5 de marzo regulador do texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRHL) e de conformidade co disposto nos Artigos 15 a 19 do mesmo texto legal o Concello de Monforte establece a Taxa polo estacionamento nas vías públicas dos autotaxis e demais vehículos de alugueiro.

ARTIGO -2- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito impoñible da taxa o aproveitamento especial do dominio público local que se produce polo estacionamento nas vías públicas dos autotaxis e demais vehículos de alugueiro.

ARTIGO -3- SUXEITO PASIVO

Teñen a consideración de suxeitos pasivos os propietarios ou titulares dos vehículos destinados a autotaxi e demais vehículos de alugueiro. Para estes efectos, entenderase por titulares dos vehículos as persoas a nome das cales, figuren os ditos vehículos no correspondente permiso de circulación.

ARTIGO -4- COTA TRIBUTARIA

A contía da taxa por estacionamento ou parada nas vías públicas dos autotaxi e demais vehículos de alugueiro fíxase na cantidade anual de 138,26€ euros por vehículo destinado a esas finalidades.

ARTIGO -5- DEVEÑO DA TAXA E NORMAS DE XESTIÓN

1. A taxa, ten o carácter anual e acreditarase o primeiro día de xaneiro de cada ano, agás no caso das altas que debeñarán no momento do outorgamento da concesión ou autorización. A cota será irreductible.
Os cambios de titularidade das licencias producidos durante o exercicio e as baixas só producirán efectos para o exercicio seguinte. A xestión desta taxe farase mediante Padrón.
2. Os que transfiran vehículos destinados a autotaxi ou alugueiro, comunicaranos ó Concello no prazo dun mes, facilitando o nome, apelidos e enderezo do adquirente e o uso do vehículo transferido .

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 18 de novembro de 2005 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 270 de 25 de novembro, entrando en vigor o día un de xaneiro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello o día 13 de novembro de 2006 e exposta no B.O.P de Lugo num. 297 de 29 de decembro de 2006.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 23 de outubro e 2008 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 291 do día 19 de decembro de 2008.

Modificada provisionalmente polo Pleno de 4 de novembro de 2010 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 294 do día 24 de decembro de 2010.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 7 de novembro de 2011 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 297 do día 29 de decembro de 2011.

Modificada provisionalmente polo Pleno do 27 de xullo de 2012 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 179 do día 4 de agosto de 2012.

Monforte de Lemos, febreiro de 2016



O Alcalde, José Tomé Roca